



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Proxectos 3		Código	630G02011
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Muñoz Fontenla, Luis W	Correo electrónico	l.w.munoz.fontenla@udc.es	
Profesorado	Di Felice Vázquez, Mario Francisco Iglesia Perez, Manuel de la Lopez Bahut, María Emma Muñoz Fontenla, Luis W	Correo electrónico	m.difelice@udc.es m.iglesia1@udc.es emma.lopez.bahut@udc.es l.w.munoz.fontenla@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Para o emprazamento e desenvolvemento dos exercicios de Proxectos 3 elíxese un ámbito xeográfico do territorio galego que pertenza a unha área urbana máis ou menos consolidada, próxima ao ámbito de actuación utilizado en Proxectos 2. Escollido en función do interese urbano, cultural e patrimonial do lugar, e da pertinencia e adecuación do mesmo aos obxectivos e exercicios expostos.</p> <p>Os traballos do cuatrimestre, situados nun mesmo ámbito urbano, ordénanse por fases sucesivas relacionadas entre si. O obxectivo fundamental consiste en ensinar a pensar ao alumno no medio construído urbano, para o que haberá de desenvolver habilidades e estratexias específicas.</p> <p>O método baséase en "aprender facendo" nun lugar concreto, de modo que os temas propostos nos exercicios son de complexidade crecente. Trátase de fomentar unha progresión na aprendizaxe coa que o propio alumno senta estimulado. A noción de espazo arquitectónico, a súa expresión formal e a relación co medio deben formar parte esencial da bagaxe adquirida.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican os contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Actividades iniciais, Análise de fontes documentais, Lectura e Esquema. *Metodoloxías docentes que se modifican: Sesión maxistral, Proba obxectiva, Discusión dirixida e Taller: Realizaranse de modo non presencial. Saída de campo: Axustarase ás posibilidades.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Ferramentas empregadas / Temporalización: Correo electrónico / Permenente Moodle / Permanente Teams / Segundo calendario oficial</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se modifican as condicións de avaliación. *Observacións de avaliación: As probas obxectivas realizaranse de modo non presencial. Para os alumnos estranxeiros poderase substituír a proba obxectiva por un traballo tutelado proposto polo profesor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código	Competencias do título
---------------	-------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O resultado da aprendizaxe da materia é o coñecemento esencial e específico do título de Grao: a capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozo e anteprojectos.	A34	B1	C1
	A37	B2	C3
	A39	B3	C4
Na preparación e desenvolvemento do curso e na selección de lugares e proxectos prestarase especial atención ao respecto pola natureza e ao emprego de boas prácticas ambientais.	A50	B6	C5
	A53	B9	C6
	A55	B12	C7
	A56		C8
	A57		
	A63		

Contidos

Temas	Subtemas
--------------	-----------------



<p>1_COMPRENDER/COÑECER UN LUGAR. Entende-lo territorio contextualmente como un soporte complexo de realidades construídas.</p>	<p>1.1. Coñecemento presencial do lugar designado. -Identidade do lugar.</p> <p>1.2. Análise do espazo dende diferentes perspectivas: xeográfica, paisaxística, cultural e histórica. -Recursos e métodos.</p> <p>1.3. Síntese persoal do lugar.</p>
<p>2_APREHENDER UN LUGAR. Relacións entre o contexto e a arquitectura. Relacións do urbano co medio.</p>	<p>2.1. Valoración das preexistencias.</p> <p>2.2. A escala como recurso. -Noción de escala do medio construído.</p> <p>2.3. Espazo público e espazo privado Categorías espaciais.</p>
<p>3_ PROXECTAR O LUGAR A ocupación e vivencia dun espazo urbano público e privado.</p>	<p>3.1. Obxectivos -Desenrolo de elementos propios del ámbito urbano. -Condicionantes de relación: contexto urbano, estruturas do lugar (topografía, clima, escala, materialidade-tectónica, tipoloxías, viarios, etc.)</p> <p>3.2. Espazo arquitectónico exterior-interior - Tramas, patrons, texturas, límites, proporcións, ritmos, formas, escala, percepción háptica, luz.</p> <p>3.3.Cometidos -O espazo como medio social -O espazo como medio funcional</p>
<p>4_ PROCESOS Desenrolo dun sistema de ferramentas para o proxecto arquitectónico.</p>	<p>4.1. Elaboración do proxecto a través de bosquejos, esquemas, planos, maquetas. -Ideación como articulación. -Formalización como concreción.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A34 A37 A53 A55 A56 A57 B3 B12 C4	1	0	1
Sesión maxistral	A34 A37 A39 A50 A55 A56 A57 B9 B12 C8	10	0	10
Proba obxectiva	A34 A37 A39 A50 A53 A55 A56 A57	4	0	4
Discusión dirixida	A34 A37 C1 C6	6	0	6
Saídas de campo	A34 A37 A55 A56 A57 B12 C4 C8	4	0	4
Obradoiro	A34 A37 A39 A50 A53 A55 A56 A57 A63 B1 B2 B3 B6 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	50	117	167



Análise de fontes documentais	A34 A37 A53 A55 A56 A57 B6	0	6	6
Esquemas	A34 A37 B1 B2 B3 B6	0	6	6
Lecturas	A53 A55 A56 A57 B6	0	6	6
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación dos obxectivos, contidos e metodoloxías da materia. Introducción sobre o lugar no que se vai traballar, expoñendo os proxectos que se desenvolverán nel ao longo do cuadrimestre.
Sesión maxistral	Exposición oral, con apoio multimedia, dos contidos teóricos da materia, co obxectivo de trasladar coñecementos, fomentar o seu desenvolvemento e facilitar ao alumno a elaboración do traballo específico do Obradoiro. Estimulando a súa aprendizaxe autónoma.
Proba obxectiva	Desenvolvemento na aula dunha práctica que demostre de forma sintética as habilidades e competencias adquiridas polo alumno ao redor dos temas tratados no desenvolvemento dos exercicios de curso. Esta proba poderá incluír preguntas sobre os temas tratados nas Clases Maxistrals.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por el profesor.
Saídas de campo	Visita ao lugar onde se desenvolverán os traballos do cuadrimestre. O obxectivo é a observación directa e sistemática do lugar, recollendo información, toma de datos, bosquejos, análise, etc.
Obradoiro	O Obradoiro é a modalidade formativa básica da materia. Está orientado á aplicación de aprendizaxes nos que se poden combinar diversos métodos (prácticas individuais e en grupo, exposición dos traballos, debates e comentarios, así como a docencia individualizada). A través do obradoiro, o alumnado desenvolverá os proxectos propostos, co apoio e supervisión do profesorado. Aprendizaxe colaborativa: A clase organízase en pequenos grupos, onde os alumnos co profesor traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas. Desta forma procúrase reunir e compartir a máxima información posible (toma de datos e medicións in situ, tratamento infográfico da documentación obtida, análise da parcela, procura de exemplos, construción da maqueta xeral do emprazamento, etc.). O obxectivo é optimizar a aprendizaxe. Realizaranse exposicións orais complementarias sobre os temas teóricos correspondentes a cada fase do exercicio en curso, que permitirán ao alumno enfrontarse coa materia e desenvolver as prácticas do obradoiro. Os resultados do Obradoiro, colectivos e individuais, formarán parte do Portafolio do alumno.
Análise de fontes documentais	Constitúe a recompilación e proceso de datos que o alumno elaborou a partir das sesións teóricas e das consultas en bibliotecas e outros arquivos. Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.
Esquemas	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados coas reflexións persoais relativas ao proxecto arquitectónico: datos gráficos, imaxes, debuxos, referencias bibliográficas e apuntamentos. Vinculados aos lugares de traballo e ao desenvolvemento da cada un dos exercicios propostos. Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.



Lecturas	Lectura crítica da bibliografía facilitada e da complementaria seleccionada polo alumno. Resumos e anotacións do lido sintetizando os contidos fundamentais e as principais ideas. Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.
----------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	O profesor responsable do Obradoiro simultaneará o seguimento colectivo do grupo co de cada alumno, garantizando a evolución do proceso proxectual individual. Esta atención personalizada estenderase á docencia do Obradoiro compartido con outras materias.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A34 A37 A39 A50 A53 A55 A56 A57 A63 B1 B2 B3 B6 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Proxectos 3 impartirase no Taller ao longo de aproximadamente 30 encontros, dos cales 15 son de docencia compartida. Cualificarase a través dunha avaliación continua onde o alumno desenvolverá un traballo constante, con resultados parciais que mostren unha progresión ascendente. Os requisitos imprescindibles, ademais da calidade e a progresión ascendente do traballo de curso, son: 1º. Ter entregados todos os exercicios nos prazos e forma indicados na materia. 2º. Acreditar unha asistencia mínima, tanto ao taller como á docencia compartida, do 80% en cada unha delas. O traballo persoal do alumno cualificarase a través de dous exercicios desenvolvidos durante o cuadrimestre, realizados no Taller, recollidos no Portafolios.	80
Proba obxectiva	A34 A37 A39 A50 A53 A55 A56 A57	A proba obxectiva consistirá nunha práctica que demostre de maneira sintética as habilidades e competencias adquiridas polo alumno ao redor dos temas tratados ao longo dos exercicios do curso. Esta proba poderá incluír preguntas sobre os temas tratados nas Clases Maxistras.	20
Análise de fontes documentais	A34 A37 A53 A55 A56 A57 B6	Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.	0
Esquemas	A34 A37 B1 B2 B3 B6	Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.	0
Lecturas	A53 A55 A56 A57 B6	Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.	0

Observacións avaliación



Para superar a materia en primeira oportunidade é necesario cumprir os seguintes tres requisitos:

1_Asistencia mínima do 80 % ás clases das materias.

2_Ter todos os traballos do curso presentados en data de entrega e cun contido propositivo e completo, acorde ao cronograma da materia. Non se permitirá completar ou modificar os traballos da materia carentes do desenvolvemento suficiente fora da data de entrega.

3_Realizar a proba obxectiva. Esta proba é eliminatoria, a cualificación mínima para aprobar a materia é apto.

Se non se cumpre un dos tres requisitos antes apuntados, a cualificación será de "Non presentado".

En caso de incumplir os dous primeiros requisitos, a segunda oportunidade manterá a cualificación de "Non presentado", ao non cumprir a condición de avaliación continua.

Non se admitirán ampliacións dos traballos entre primeira e segunda oportunidade.

Baremo na primeira oportunidade: -80% corresponde ao traballo desenvolvido durante o cuatrimestre. -20% corresponde á proba obxectiva.

Baremo na segunda oportunidade: -50% corresponde ao traballo desenvolvido durante o cuatrimestre. -50% corresponde á proba obxectiva.

Fontes de información

Bibliografía básica

- ALEXANDER, Ch. (1980). Un lenguaje de patrones.. Barcelona: Gustavo Gili.
- ARNHEIM, R. (1979). Arte y percepción visual. Psicología del ojo creador.. Madrid: Alianza Editorial.
- CARERI, F. (2002). Walkscapes. El andar como práctica estética.. Barcelona: Gustavo Gili.
- DESPLAZES, A. (2010). Construir la Arquitectura: Del material en bruto al edificio. Un manual.. Barcelona: Gustavo Gili.
- HERTZBERGER, H. (1991). Lessons for students in architecture.. Rotterdam: 010 Publishers.
- LE CORBUSIER. (2014). Mensaje a los estudiantes de arquitectura.. Buenos Aires: Infinito.
- LYNCH, K. (1998). La imagen de la ciudad.. Barcelona: Gustavo Gili.
- MARTÍ ARÍS, C. (1993). Las variaciones sobre la identidad.. Barcelona: El Serbal.
- MCHARG, I. L. (1969). Design with nature.. Garden City, N.Y.:Natural History Press.
- MONEO, R. (2004). Inquietud teórica y estrategia proyectual.. Barcelona: Gustavo Gili.
- MONTANER, J. M. (2008). Sistemas arquitectónicos contemporáneos.. Barcelona: Gustavo Gili.
- NORBERG-SCHULZ, Ch. (1975). Existencia, espacio y arquitectura.. Barcelona: Blume.
- NORBERG-SCHULZ, Ch. (1980). Genius Loci.. Barcelona: Gustavo Gili.
- PALLASMA, J. (2014). Los ojos de la piel. La arquitectura y los sentidos.. Barcelona: Gustavo Gili.
- RASMUSSEN, S.E. (2000). La experiencia de la arquitectura. Sobre la percepción de nuestro entorno.. Madrid: Celeste.
- ROWE, C. (1981). Ciudad collage.. Barcelona: Gustavo Gili.
- SOLÁ-MORALES, M. (1997). Las formas de crecimiento urbano.. Barcelona: UPC.
- TANIZAKI, J. (2017). El elogio de la sombra.. Madrid: Siruela.
- ZEVI, B. (1981). Saber ver la arquitectura.. Barcelona: Poseidón.

Bibliografía complementaria

- ABALOS, I. (2010). Naturaleza y artificio. Barcelona: Gustavo Gili.-CORTÉS, J.A. y MONEO, J.R. (1976). Comentarios sobre dibujos de 20 arquitectos actuales. Barcelona: ETSAB.-DE LLANO, P. (2006). Arquitectura popular en Galicia: Razón y construcción. Santiago de Compostela: Xerais.-GAUSA, M. et. al. (2002). Diccionario Metapolis de Arquitectura Avanzada. Barcelona: Actar.-KANDINSKY, Wassily (2007). Cursos de la Bauhaus. Madrid: Alianza Editorial.-KLEE, Paul (1972). Pedagogical sketchbook. Nueva York: Praeger Publishers.-LENAGHAN, P et al. (2016). Una mirada de antaño: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia. A Coruña: Afundación, The Hispanic Society of America.-MUNARI, B. (2005). El arte como oficio. Barcelona: Idea Books.-MUNTAÑOLA Th., J. (2004). Arquitectura y contexto. Barcelona: UPC.-OTERO PEDRAYO, R. (2009). Paisaxe e cultura. Vigo: Galaxia.-VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Vigo: Galaxia.-ALONSO PEREIRA, J.R. (2005). Introducción a la historia de la arquitectura. Barcelona: Reverté.-BALDELLOU, M.A. (1995). Arquitectura moderna en Galicia. Barcelona: Electa.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Análise Arquitectónico 1/630G02012

Proxectos 2/630G02006

Proxectos 1/630G02001

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Urbanística 1/630G02018

Análise Arquitectónico 2/630G02017

Materias que continúan o temario

Proxectos 4/630G02016

Observacións

Condições específicas relativas á mobilidade para alumnos saíntes e entrantes:

Dado que o curso de Proxectos 3 persigue unha avaliación continua para todos os alumnos inclusive aqueles que se atopan en mobilidade, saínte ou entrante, rexerán as mesmas condicións de avaliación para todo alumnado sen perxucio de que se preste atención específica ao alumnado entrante por causa lingüística ou diferenzas manifestas entre a escola de orixe e destino.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías